

recurso na axencia, esta deberá remitir ao concello co seu informe e unha copia completa e ordenada do expediente administrativo.

4. A delegación de competencias poderá ser revogada en calquera momento polo Pleno da Corporación, coa maioría exixida no artigo 215.3º da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia. A revogación será efectiva unha vez comunicada á dirección da Axencia e publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceira.-Contribución ao sostemento da axencia.

1. O Concello de Dodro contribuirá ao sostemento da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística coas seguintes achegas económicas:

a) O 50% do produto das multas coercitivas impostas pola axencia para a execución das ordes de reposición da legalidade ditadas no exercicio das competencias delegadas polo concello.

b) E o 50% do importe das sancións impostas pola axencia aos responsables de infraccións urbanísticas, en exercicio das competencias delegadas polo Concello.

2. O importe das multas coercitivas e das sancións impostas pola axencia en exercicio de competencias delegadas polo concello serán ingresadas polos suxeitos obrigados directamente na conta xeral da Axencia. No suposto de que non sexan aboadas en período voluntario, a Axencia solicitará da Consellería de Economía e Facenda o seu cobramento pola vía de constrinximento.

Ao finalizar cada exercicio anual, a axencia transferirá ao Concello de Dodro unha cantidade equivalente ao 50% dos ingresos percibidos polas sancións impostas en exercicio das competencias delegadas.

Cuarta.-Obrigas asumidas polo concello.

O Concello de Dodro asume as seguintes obrigas:

a) Prestar a cooperación e asistencia activa que a axencia lle solicite para o eficaz exercicio das súas competencias.

b) Facilitarlle ao persoal da axencia o acceso inmediato aos expedientes de planeamento, xestión e disciplina urbanística, así como canta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións.

c) Prestar o auxilio da policía local para facilitar as inspeccións, executar as ordes de precintaxe de obras e identificar os responsables de posibles infraccións.

d) Absterse de outorgar licenzas urbanísticas que impliquen a legalización de obras e usos do solo respecto dos cales a axencia ordenase a súa demolición, cesamento ou restauración da realidade física alterada.

e) Solicitar informe da axencia previamente á resolución dos recursos administrativos interpostos con-

tra os actos ditados en exercicio das competencias delegadas polo concello.

f) Contribuír ao sostemento económico da axencia nos termos establecidos neste convenio de adhesión.

g) E respectar as estipulacións deste convenio e o establecido nos estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística aprobados por Decreto autonómico 213/2007, do 31 de outubro.

Quinta.-Programa de incorporación.

A incorporación do concello á axencia será efectiva desde o día seguinte ao de publicación deste convenio no *Diario Oficial de Galicia*.

Os expedientes relativos ás obras en execución nas materias que son obxecto de delegación deberán ser remitidos á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística no prazo dun mes desde a data de entrada en vigor deste convenio.

Sexta.-Prazo de vixencia do convenio.

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e o seu prazo de vixencia será indefinido.

A resolución deste convenio producirase no suposto de que o Concello de Dodro perda a condición de membro da axencia por calquera da causas que se establecen no artigo 12 dos estatutos da axencia e cos efectos que o mesmo artigo dispón.

Sétima.-Interpretación do convenio.

As controversias que puideren xurdir na interpretación deste convenio e a súa aplicación serán resoltas polo Consello Executivo da axencia, de conformidade co disposto no artigo 10 dos estatutos da axencia aprobados polo Decreto 213/2007, do 31 de outubro.

E para que así conste, asinan este convenio de adhesión, por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Resolución do 2 de febreiro de 2009 pola que se convoca o segundo proceso selectivo de programas de desenvolvemento rural e de grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013, cofinanciado con Feader.

O Consello de Dirección de Agader, mediante acordo do 30 de maio de 2008, aprobou as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento de grupos de desenvolvemento rural (GDR) como entidades colaboradoras na xestión do progra-

ma Leader Galicia 2007-2013, cofinanciado con Feader, e convocou o correspondente proceso de selección.

O Consello de Dirección de Agader, mediante acordo do 23 de decembro de 2008, modificou as anteditas bases reguladoras coa finalidade de axitalas ao Regulamento (CE) nº 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado común, en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado, e mais de mellorar a eficiencia do procedemento de xestión das axudas, regulado no réxime de axudas, que figura como anexo II das citadas bases reguladoras.

O Consello de Dirección de Agader, mediante acordo do 23 de decembro de 2008, resolveu a primeira convocatoria de selección de programas de desenvolvemento rural e de GDR no marco do programa Leader Galicia 2007-2013, en que foron seleccionados os programas e GDR correspondentes a 28 dos 31 ámbitos territoriais previstos, posto que quedaron excluídas as candidaturas dos territorios correspondentes ao GDR-09, ao GDR-23 e ao GDR-25. A razón das citadas exclusións foi a presentación de varias candidaturas en relación con cada un dos territorios citados.

O punto 3 do citado acordo do Consello de Dirección de Agader, do 30 de maio de 2008, sinala que a competencia para convocar o segundo procedemento selectivo de programas de desenvolvemento rural e de GDR lle corresponde ao director xeral de Agader. Ese mesmo punto indica que á segunda convocatoria poderán concorrer os GDR de territorios non cubertos con programas aprobados na primeira convocatoria. E tamén sinala que a segunda convocatoria se rexerá polas bases reguladoras aplicadas na primeira convocatoria. En relación con este último aspecto, o Consello de Dirección de Agader, mediante acordo do 23 de decembro de 2008, delegou no director xeral de Agader a adaptación das bases reguladoras aplicables á segunda convocatoria de selección de programas e de GDR no ámbito do programa Leader Galicia 2007-2013.

Os antecedentes e consideracións xerais contidos no reiterado acordo do 30 de maio de 2008 respecto do programa Leader Galicia 2007-2013 seguen a ser igualmente válidos en relación coa segunda convocatoria.

As peculiaridades da segunda convocatoria respecto da primeira refírense esencialmente a catro aspectos. Por unha banda, ao orzamento dispoñible, que é a parte do destinado á primeira convocatoria que quedou sen asignar. Por outra, ao ámbito territorial e ás puntuacións mínimas para a selección, respecto dos que se prevén fórmulas que faciliten a cobertura co programa Leader de todos os ámbitos territoriais inicialmente previstos. E, finalmente, á forma de presentación do programa, que debe facerse tamén en castelán por requirimento da represen-

tación da Administración xeral do Estado na comisión de selección.

De acordo co exposto,

RESOLVO:

Primeiro.-Convócase, no marco do programa Leader Galicia 2007-2013, o segundo proceso de selección de programas de desenvolvemento rural e de GDR correspondentes aos seguintes ámbitos territoriais:

-GDR-9: Beariz, Boborás, Carballiño (O), Irixe (O), Maside, Piñor, Punxín, San Amaro, San Cristovo de Cea, Arnoia (A), Avión, Beade, Carballada de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón, Ribadavia.

-GDR-23: Arzúa, Boimorto, Pino (O), Touro, Curtis, Vilasantar, Melide, Santiso, Sobrado, Toques.

-GDR-25: Boiro, Pobra do Caramiñal (A), Rianxo, Ribeira, Muros, Lousame, Noia, Outes, Porto do Son, Dodro, Padrón, Rois.

O citado proceso selectivo rexerá polas bases reguladoras aprobadas mediante o acordo do 30 de maio de 2008, do Consello de Dirección de Agader, para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento de GDR (DOG nº 115, do 16 de xuño; corrección de erros: DOG nº 140, do 21 de xullo), coas modificacións aprobadas polo acordo do 23 de decembro de 2008, do Consello de Dirección de Agader (DOG nº 15, do 22 de xaneiro de 2009) e coas que se sinalan no punto segundo desta resolución.

Para o financiamento da segunda convocatoria está prevista unha dotación máxima de 13.825.399,25 euros. O financiamento realizarase con cargo ás contas orzamentarias 01/01 01/41/10 656800 (o 83,33% da citada dotación) e 01/01 01/43/10 656800 (o 16,67% da citada dotación). A repartición por anualidades e fontes financeiras é a que a seguir se indica:

Ano	Feader	AXE	Xunta	Tot. gasto público
2009	1.679.198,81	624.858,35	613.244,44	2.917.301,60
2010	1.118.468,71	416.201,18	408.465,47	1.943.135,36
2011	1.725.833,76	642.212,01	630.275,56	2.998.321,32
2012	1.718.212,39	639.375,97	627.492,23	2.985.080,59
2013	1.716.186,18	638.621,98	626.752,25	2.981.560,41
Total	7.957.899,85	2.961.269,49	2.906.229,95	13.825.399,29

As solicitudes presentaranse segundo o modelo normalizado que figura como apéndice II das citadas bases reguladoras, nos termos previstos na epígrafe VIII destas. As solicitudes e a documentación que as acompañe dirixiranse á sede de Agader, na rúa Camiños da Vida, s/n, 2º A e C. 15705. Santiago de Compostela (A Coruña).

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento aos interesados será de dous meses, contados desde o día seguinte a aquel en que remate o prazo de presentación de solicitudes. O transcurso do citado prazo sen recibir notificación expresa habilita os interesados para entenderen desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Segundo.-Para os efectos da segunda convocatoria, as bases reguladoras mencionadas no punto primeiro desta resolución, aprobadas e modificadas, respectivamente, mediante acordos do Consello de Dirección de Agader, do 30 de maio e do 23 de decembro de 2008, modifícanse nos seguintes termos:

1. Modificación da epígrafe V das bases reguladoras.

Na epígrafe V (ámbito territorial) das bases reguladoras, o quinto parágrafo queda redactado nos seguintes termos:

Seleccionaranse preferentemente as candidaturas que se presenten de xeito unificado para cada territorio. Cando se presente máis dunha candidatura para un territorio, o Consello de Dirección de Agader resolverá sobre a selección do programa e o GDR para ese territorio unha vez vista a proposta da Comisión de Selección.

2. Modificación da epígrafe X das bases reguladoras.

Na epígrafe X (procedemento de selección) das bases reguladoras suprímese o antepenúltimo parágrafo do punto II (comisión de selección).

3. Modificación do anexo II das bases reguladoras.

No anexo II (contido e estrutura do programa de desenvolvemento rural) das bases reguladoras, o primeiro parágrafo queda redactado nos seguintes termos:

Os GDR presentarán os programas de desenvolvemento rural en CD. Ademais, presentarán un exemplar en papel, en formato DIN-A4. No formato CD debe presentarse unha versión en castelán do programa, excepto da parte I.GDR, da parte II.Territorio e da parte VI.Plan financeiro, dada a presenza de representación da Administración xeral do Estado na comisión de selección.

Terceiro.-Contra esta resolución os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección de Agader no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da publicación no DOG.

En relación coa segunda convocatoria de programas de desenvolvemento rural e de GDR poderase

obter información adicional a través dos seguintes medios:

-Páxina web de Agader: <http://agader.xunta.es>.

-Teléfono: 981 54 73 65.

-Enderezo electrónico: area.programas.agader@xunta.es.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2009.

Edelmiro López Iglesias
Director xeral da Axencia Galega
de Desenvolvemento Rural

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO CATRO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Edicto (1092/2007).

Nos autos da referida ditouse a seguinte resolución:

«Xulgado de Primeira Instancia número catro de Santiago de Compostela.

Sentenza: 91/2008.

Xuízo ordinario número 1092/2007.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2008.

Sentenza:

Vistos por mín, Ana Belén López Otero, maxistrada-xuíza do Xulgado de Primeira Instancia número catro de Santiago de Compostela, estas actuacións de xuízo ordinario, tramitadas co número 1092/2007, no que interviñeron como demandante María Soledad Pereiro Suárez, representada pola procuradora dos tribunais sra. Pardo Valdés, e asistida polo letrado sr. Carballo Calvar, e como demandado Florencio Javier Mujico Aldrey, en situación de rebeldía, en virtude das seguintes consideracións:

Antecedentes de feito.

Primeiro.-O día 30 de outubro de 2007 foi remitida a este xulgado demanda presentada pola procuradora dos tribunais sra. Pardo Valdés, en nome e representación da sra. Pereiro Suárez, en que afirmaba que contraera matrimonio co demandado, do cal tiveron un fillo común, tendo outorgado as partes